

# PROGRAMACIÓN LOOIFP

## Versión Alumnado

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

### Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao		
Graos D: Ciclos formativos	D3IFC000100 - Administración de sistemas informáticos en rede	A		
Módulo				
MP0369 - Implantación de sistemas operativos (1º)				
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo	
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A	
Sesiões semanais	Horas anuais	Duración Sesiões	Sesiões anuais	Sesiões centro
8	213	50	256	256

### Profesorado responsable

Docentes
Gómez Acosta, Moisés

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	14
Criterios de cualificación e recuperación	14
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	17
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	17
Programación da educación en valores.	17
Actividades complementarias e extraescolares.	18
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	18
Outros apartados.	18

## Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O módulo de Implantación de Sistemas Operativos (ISO) adáptase ás necesidades do tecido empresarial de Pontevedra e da súa área de influencia, caracterizado pola presenza de pequenas e medianas empresas, administracións públicas e un número crecente de organizacións vinculadas ás TIC, á loxística, á automoción e ao sector servizos.

### 1. Diversidade do tecido empresarial

- Pemes e servizos locais: numerosas pemes que precisan a implantación e mantemento de sistemas informáticos para xestionar a súa actividade diaria (contabilidade, comunicación interna, xestión de clientes, etc.).
- Sector da automoción (Zona de Vigo-Pontevedra): empresas auxiliares e provedores que demandan sistemas seguros, fiables e integrados en cadeas de produción dixitalizadas.
  - Administración pública e educación: organismos e centros educativos que dependen de sistemas operativos actualizados e seguros para o seu funcionamento.
  - Sector servizos e turismo: empresas que incorporan solucións en nube, xestión de reservas e plataformas en liña que requiren administración eficiente de servidores.

### 2. Tecnoloxías e tendencias na contorna

- A expansión do cloud computing e da virtualización, que permite ás empresas optimizar recursos e reducir custos.
- A crecente relevancia da ciberseguridade, fundamental para empresas que xestionan datos sensibles.
- A utilización de software libre e solucións híbridas (Linux/Windows) en contornas profesionais.
- O crecemento de centros de datos e provedores de servizos TIC locais, que abren novas oportunidades laborais.

### 3. Competencias profesionais demandadas no ámbito local

- Implantación e administración de sistemas operativos en contornos de rede corporativa.
- Configuración de servizos de rede e seguridade adaptados ás necesidades de cada sector produtivo.
- Mantemento e resolución de incidencias en sistemas críticos de produción.
- Adaptación de solucións TIC a realidades locais e rexionais, onde predominan empresas de tamaño medio que precisan persoal versátil e polivalente.

### 4. Enfoque práctico

O módulo está deseñado para reproducir situacións reais do sector produtivo da provincia, co obxectivo de que o alumnado poida integrarse en empresas de diferentes sectores con competencias técnicas que respondan ás súas necesidades actuais: desde pequenas empresas locais ata organizacións industriais de proxección internacional.

## Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Funcións e arquitectura dos sistemas operativos. Licencias de software. Introducción a Windows	Introdución ás compoñentes e servizos básicos dun sistema operativo. Tipos de licenzas, dereitos de uso e implicacións legais na implantación de sistemas.	9	15
2	Instalación de sistemas operativos	Proceso de instalación de sistemas operativos, tanto de forma manual como automatizada ou desatendida. Trataranse as instalacións desde servidores, así como a captura e despregamento de imaxes de sistema para facilitar a distribución en rede. Analizaranse tamén as técnicas de actualización, recuperación e resolución de incidencias, o uso de ferramentas de diagnóstico e a creación de documentación e guías de uso. Empregarase o uso de máquinas virtuais para realizar prácticas de instalación e análise dos resultados.	9	51

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
3	Uso e configuración de sistemas operativos	Administración de usuarios, grupos, perfís e políticas de contrasinais locais, así como a aplicación de directivas de seguridade. Analizaranse e configuraranse protocolos de rede, métodos de resolución de nomes e permisos de acceso aos recursos.	9	10
4	Sistema de ficheiros.	Xestión de discos, particións, volumes e cotas, a implantación de sistemas de almacenamento redundante e a automatización de copias de seguridade, documentando todas as operacións e métodos de recuperación ante desastres.	9	10
5	Dominios e integración en rede	Analizaranse os requisitos de instalación, a creación de dominios, subdominios e bosques, así como a xestión de servidores, usuarios, grupos e políticas de seguridade. Tamén se estudará a configuración de replicación, relacións de confianza e directivas de grupo, empregando máquinas virtuais para realizar prácticas de administración e documentación dos procedementos realizados.	34	100
6	Monitorización e mantemento de sistemas operativos	Estudarse a supervisión, auditoría e mantemento dos sistemas operativos. Analizaranse os obxectos e sucesos monitorizables, empregando ferramentas e alertas de rendemento para mellorar a eficiencia do sistema. Tamén se abordará a auditoría de accesos e recursos, a xestión de rexistros e os mecanismos de actualización e resolución de incidencias, aplicando protocolos de asistencia técnica e documentando todas as operacións realizadas.	30	70

### Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Funcións e arquitectura dos sistemas operativos. Licencias de software. Introducción a Windows	15

Criterios de avaliación
<b>RA1 - Instala sistemas operativos, logo de analizar as súas características e de interpretar a documentación técnica.</b>
CA1.1 - Identificáronse os elementos funcionais dun sistema informático.
CA1.2 - Identificáronse as características, as funcións e a arquitectura dun sistema operativo.
CA1.3 - Comparáronse sistemas operativos, así como as súas versións e as súas licenzas de uso, en función dos seus requisitos, das súas características e dos campos de aplicación.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC1 - Instalación do software base dun sistema informático</b>
Estrutura dun sistema informático.
Dixitalización da información.
Concepto de sistema operativo.
Arquitectura dun sistema operativo.
Funcións dun sistema operativo.
Tipos de sistemas operativos.
Licenzas e tipos de licenzas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Instalación de sistemas operativos	51

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA1 - Instala sistemas operativos, logo de analizar as súas características e de interpretar a documentación técnica.</b>
CA1.4 - Realizáronse instalacións de sistemas operativos.
CA1.5 - Prevíronse e aplicáronse técnicas de actualización e recuperación do sistema.
CA1.6 - Arranxáronse incidencias do sistema e do proceso de inicio.
CA1.7 - Utilizáronse ferramentas para coñecer o software base instalado no sistema e a súa orixe.
CA1.8 - Elaborouse documentación de soporte relativa ás instalacións efectuadas e ás incidencias detectadas.
<b>RA8 - Instala software específico con estrutura cliente/servidor dando resposta aos requisitos funcionais.</b>
CA8.1 - Instalouse software específico segundo a documentación técnica.
CA8.2 - Realizáronse instalacións desatendidas.
CA8.3 - Configurouse e utilizouse un servidor de actualizacións.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA8.4 - Planifícanse protocolos de actuación para resolver incidencias.
CA8.5 - Seguíanse os protocolos de actuación para resolver incidencias.
CA8.6 - Deuse asistencia técnica a través da rede e documentáronse as incidencias.
CA8.7 - Elaboráronse guías visuais e manuais para instruír no uso de sistemas operativos.
CA8.8 - Documentáronse as tarefas realizadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC1 - Instalación do software base dun sistema informático</b>
Consideracións previas á instalación de sistemas operativos libres e propietarios.
Instalación de sistemas operativos: requisitos, versións e licenzas.
Instalación e configuración de sistemas operativos na nube.
Automatización da Instalación de sistemas operativos.
Implementación de ficheiros de respostas.
Interpretación, análise e elaboración de manuais de instalación de sistemas operativos.
Actualización de sistemas operativos.
Ficheiros de inicio de sistemas operativos.
Rexistro do sistema.
Actualización e mantemento de controladores de dispositivos
<b>BC2 - Administración de software de base</b>
Virtualización: máquinas virtuais e contedores.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Uso e configuración de sistemas operativos	10

<b>Criterios de avaliación</b>
--------------------------------

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA2 - Configura o sistema operativo, logo de analizar as necesidades de explotación do sistema informático.</b>
CA2.1 - Planifícanse, créanse e configúranse contas de usuario, grupos, perfís e políticas de contrasinais locais.
CA2.2 - Asegúrese o acceso ao sistema mediante o uso de directivas de conta e directivas de contrasinais.
CA2.3 - Actuouse sobre os servizos e os procesos en función das necesidades do sistema.
CA2.4 - Instaláronse, configúranse e verificáronse protocolos de rede.
CA2.5 - Analizáronse e configúranse os métodos de resolución de nomes.
CA2.6 - Adaptouse o uso dos sistemas operativos para sistemas portátiles.
CA2.7 - Utilizáronse máquinas virtuais para realizar tarefas de configuración de sistemas operativos e analizar os seus resultados.
CA2.8 - Documentáronse as tarefas de configuración do software de base.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC2 - Administración de software de base</b>
Administración de usuarios e grupos locais.
Usuarios e grupos predeterminados.
Directivas de conta locais.
Seguridade de contas de usuario.
Seguridade de contrasinais.
Administración de perfís locais de usuario.
Configuración do protocolo TCP/IP en sistemas operativos cliente.
Configuración da resolución de nomes.
Ficheiros de configuración de rede. Configuracións múltiples e configuracións de respaldo.
Resolución de problemas de conectividade do sistema operativo.
Definición de permisos de uso dos ficheiros.
Compartición de recursos en rede. Definición dos permisos de acceso.

<b>Contidos</b>
Cotas de disco. Niveis de cota e niveis de advertencia.
Configuración das opcións de accesibilidade do sistema operativo.
Virtualización: máquinas virtuais e contedores.
Interpretación, análise e elaboración de manuais de configuración de sistemas operativos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Sistema de ficheiros.	10

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA3 - Asegura a información do sistema utilizando copias de seguridade e sistemas tolerantes a fallos, e describe os procedementos.</b>
CA3.1 - Comparáronse diversos sistemas de ficheiros e analizáronse as súas diferenzas e as vantaxes da súa implementación.
CA3.2 - Describiuse a estrutura de directorios do sistema operativo.
CA3.3 - Identificáronse os directorios contedores dos ficheiros de configuración do sistema (binarios, ordes e librarías).
CA3.4 - Utilizáronse ferramentas de administración de discos para crear particións, unidades lóxicas e volumes.
CA3.5 - Implantáronse sistemas de almacenamento redundante.
CA3.6 - Implementáronse e automatizáronse plans de copias de seguridade.
CA3.7 - Administráronse cotas de disco.
CA3.8 - Documentáronse as operacións realizadas e os métodos para a recuperación ante desastres.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC3 - Administración e aseguramento da información</b>
Sistemas de ficheiros: características. Sistemas empregados na actualidade. Sistemas de ficheiros distribuídos, transaccionais, cifrados, comprimidos e virtuais.
Xestión de sistemas de ficheiros mediante comandos e contornos gráficos.

<b>Contidos</b>
Xestión de ligazóns.
Estrutura de directorios de sistemas operativos libres e propietarios.
Procura de información do sistema mediante comandos e ferramentas gráficas.
Xestión da información do sistema: rendemento e estatísticas.
Montaxe e desmontaxe de dispositivos en sistemas operativos: automatización.
Ferramentas de administración de discos: particións e volumes; desfragmentación e recoñecemento.
Extensión dun volume. Volumes distribuídos.
Sistemas de tolerancia a fallos.
Tipos de copias de seguridade.
Plans e programación de copias de seguridade.
Recuperación en caso de fallo do sistema.
Discos de arranque e de recuperación.
Copias de seguridade do sistema. Recuperación do sistema mediante consola. Puntos de recuperación.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Dominios e integración en rede	100

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA4 - Centraliza a información en servidores administrando estruturas de dominios, e analiza as súas vantaxes.</b>
CA4.1 - Créanse dominios, subdominios e bosques.
CA4.2 - Administráronse contas de usuario e de equipamentos.
CA4.3 - Centralizouse a información persoal dos usuarios do dominio mediante o uso de perfís móbiles e cartafol persoais.
CA4.4 - Créanse e administráronse grupos de seguridade.
CA4.5 - Créanse patróns que faciliten a administración de usuarios con características similares.
CA4.6 - Organizáronse os obxectos do dominio para facilitar a súa administración.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA4.7 - Utilizáronse máquinas virtuais para administrar dominios e verificar o seu funcionamento.
CA4.8 - Documentouse a estrutura do dominio.
<b>RA5 - Administra o acceso a dominios respectando os requisitos de seguridade.</b>
CA5.1 - Incorporáronse equipamentos ao dominio.
CA5.2 - Configuráronse bloqueos para accesos non autorizados ao dominio.
CA5.3 - Administrouse o acceso a recursos locais e recursos de rede.
CA5.4 - Tivéronse en conta os requisitos de seguridade.
CA5.5 - Implementáronse e verificáronse directivas de grupo.
CA5.6 - Assignáronse directivas de grupo.
CA5.7 - Documentáronse as tarefas e as incidencias.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC4 - Administración de dominios</b>
Estrutura cliente servidor.
Protocolo LDAP.
Concepto de dominio.
Servidores de dominio: estrutura e topoloxía.
Bosques. Subdominios. Unidades organizativas.
Controladores do dominio.
Estacións e servidores membros dun dominio.
Estratexias organizativas.
Instalación dunha infraestrutura de dominio.
Operacións sobre os servidores de dominio.
Establecementos de relacións de confianza.

<b>Contidos</b>
Sitios e subredes.
Replicación da información dos dominios.
Servidores de catálogo global.
Roles. Mestres de operacións.
Delegación das funcións de administración.
Realización de instalacións desatendidas de servidores de dominio.
Ferramentas gráficas e en liña de comandos para a administración de dominios.
Obxectos do dominio. Organización dos obxectos na estrutura do dominio.
Tipos de contas. Contas de usuarios e equipamentos.
Administración de contas. Contas predeterminadas.
Contrasinais. Bloqueos de conta.
Perfís móbiles e obrigatorios.
Cartafoles persoais.
Patróns de usuario. Variables de contorno.
Administración de grupos: tipos. Estratexias de aniñamento. Grupos predeterminados.
<b>BC5 - Xestión do acceso ao dominio</b>
Equipamentos do dominio.
Permisos e dereitos.
Administración do acceso a recursos. Automatización da configuración.
Permisos de rede. Permisos locais. Herdanza. Permisos efectivos.
Delegación de permisos.
Listas de control de acceso.
Directivas de grupo. Creación, enlace e distribución.
Directivas de seguridade. Dereitos de usuarios. Obxectos de directiva. Ámbito das directivas. Patróns.
Tarefas de administración das directivas de grupo.
Ferramentas de xestión das directivas de grupo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Monitorización e mantemento de sistemas operativos	70

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA6 - Detecta problemas de rendemento monitorizando o sistema coas ferramentas adecuadas, e documenta o procedemento.</b>
CA6.1 - Identificáronse os obxectos monitorizables nun sistema informático.
CA6.2 - Identificáronse os tipos de sucesos.
CA6.3 - Utilizáronse ferramentas de monitorización en tempo real.
CA6.4 - Monitorizouse o rendemento mediante rexistros de contador e de seguimento do sistema.
CA6.5 - Planificáronse e configuráronse alertas de rendemento.
CA6.6 - Interpretáronse os rexistros de rendemento almacenados.
CA6.7 - Analizouse o sistema mediante técnicas de simulación para mellorar o rendemento.
CA6.8 - Elaborouse documentación de soporte e de incidencias.
<b>RA7 - Audita o uso e o acceso a recursos, respectando as necesidades de seguridade do sistema.</b>
CA7.1 - Administráronse dereitos de usuario e directivas de seguridade.
CA7.2 - Identificáronse os obxectos e os sucesos auditables.
CA7.3 - Elaborouse un plan de auditorías.
CA7.4 - Identificáronse as repercusións das auditorías no rendemento do sistema.
CA7.5 - Auditáronse sucesos correctos e erróneos.
CA7.6 - Auditáronse os intentos de acceso e os accesos a recursos do sistema.
CA7.7 - Xestionáronse os rexistros de auditoría.
CA7.8 - Documentouse o proceso de auditoría e os seus resultados.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
-----------------

<b>Contidos</b>
<b>BC6 - Supervisión do rendemento do sistema</b>
Estrutura e metodoloxías do servizo de operación dun sistema IT.
Interpretación, análise e elaboración de documentación técnica.
Servidores de actualizacións automáticas.
Protocolos de actuación.
Técnicas de asistencia remota aos usuarios.
Ferramentas software de xestión de incidencias.
Ferramentas de monitorización en tempo real.
Ferramentas de monitorización continuada.
Ferramentas de análise do rendemento.
Tipos de sucesos.
Rexistros de sucesos.
Monitorización de sucesos.
Ferramentas de diagnóstico.
Xestión de aplicacións, servizos, procesos e subprocesos.
Monitorización de aplicacións e procesos.
Monitorización do sistema e do seu rendemento. Xeración de rexistros de funcionamento. Ferramentas de análise dos rexistros. Protocolo SNMP.
<b>BC7 - Auditorías</b>
Requisitos de seguridade do sistema e dos datos.
Obxectivos da auditoría.
Ámbito da auditoría. Aspectos auditables.
Mecanismos de auditoría. Alarmas e accións correctivas.
Información do rexistro de auditoría.
Técnicas e ferramentas de auditoría.
Informes de auditoría.

## Procedemento de avaliación inicial.

Na primeira sesión de clase, despois de presentar a programación do módulo, cada alumno/a cubrirá un cuestionario de avaliación inicial co fin de que o profesor/a poida:

- Coñecer a formación previa e o grao de coñecemento dos contidos do módulo por parte do grupo.
- Recoller a información necesaria para adecuar a actividade docente ás características do alumnado.

Contido do cuestionario

O alumnado proporcionará principalmente:

1. Formación previa: regrada e non regrada.
2. Equipamento informático dispoñible e posibilidade de conectividade a Internet.
3. Nivel de coñecemento sobre os conceptos e software que se estudiarán no módulo.
4. Experiencia laboral, se a teñen.
5. Outra información complementaria, como expectativas de aprendizaxe no módulo.

Importante

- Esta avaliación inicial non terá cualificación académica para o alumnado.
- Serve exclusivamente para orientar a metodoloxía e adaptar a actividade docente ás necesidades do grupo.

## Crterios de cualificación e recuperación

### Procedemento e criterios de cualificación:

Procedemento de cualificación

A cualificación do módulo combinará distintos tipos de actividades, cada unha coa súa ponderación e requisitos, co obxectivo de valorar tanto os coñecementos teóricos coma as destrezas prácticas adquiridas ao longo do curso.

Probas individuais (95%)

- En cada unidade de cada trimestre realizaranse exercicios ou probas teórico-prácticas, que terán un peso do 20% sobre a nota final do trimestre. No caso de realizarse probas, estas terán un peso do 50% dentro dese 20%, mentres que o outro 50% corresponderá aos exercicios e actividades teórico-prácticas desenvolvidas durante a unidade.
  - Exercicios teórico-prácticos
    - É obrigatoria a entrega de guías, vídeos, manuais ou informes que recollan procedementos, incidencias e solucións aplicadas.
      - Traballos entregados na data indicada e correctos: puntuación do 100%.
      - Traballos entregados fóra de prazo e correctos: puntuación do 50%.
      - Traballos non entregados: puntuación de 0%.
    - Probas teórico-prácticas con ordenador ou por escrito sobre os contidos do trimestre.
  - Ao final de cada trimestre realizarase unha proba tipo test para avaliar os coñecementos teórico-prácticos, cun peso do 80% da nota final do trimestre.

Estrutura da proba tipo test:

- Dous bloques de 30 preguntas cada un.
- As preguntas tipo test poderán ter catro posibles respostas, das cales só unha é correcta.
- Poderán incluírse preguntas de verdadeiro ou falso, resposta curta, selección múltiple, etc.
- Cada resposta incorrecta penalizará o 83% do valor dunha correcta.
- Poderanse engadir preguntas curtas de desenvolvemento opcional.

Participación en clase (5%)

• Terase en conta o seguimento da execución das tarefas, a resolución de exercicios, o uso de boas prácticas, e a consulta axeitada de manuais e documentación técnica.

Cálculo da nota trimestral

A nota final do trimestre calcularase como a suma das dúas partes.

Para superar o trimestre, a cualificación deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

Superación das probas individuais

- Deberán realizarse os exercicios teórico-prácticos correspondentes.
- As probas poderán ser teóricas, prácticas ou combinadas.
- A nota final do trimestre calcularase como a suma das dúas partes.
- Para aprobar o módulo, todos os trimestres deberán estar superados.

Valoración do traballo ao longo do curso

- Desenvolvemento individual das prácticas.
- Resolución de exercicios sobre o PC.
- Uso e consulta axeitada de manuais técnicos.
- Colaboración e traballo en equipo.
- Busca de soporte e documentación en rede.
- Realización, presentación e exposición das tarefas solicitadas.

Distribución ponderada da avaliación

- 95% das probas avaliáveis:
  - 80% proba tipo test (teoría e práctica)
  - 20% probas ou exercicios entregados.
- 5% participación e actitude en clase

Asistencia

• O alumnado con máis do 10% de ausencias sen xustificar perderá o dereito á avaliación continua e deberá realizar a proba extraordinaria definida para o módulo.

Nota final do módulo

• A nota final do módulo calcularase como a media ponderada das cualificacións dos dous trimestres. Para que un módulo se considere superado, a nota de cada trimestre debe ser  $\geq 5$ .

• En caso de que algún trimestre non acade o mínimo de 5, o alumnado deberá realizar as actividades de recuperación correspondentes antes de calcular a nota final na avaliación de xuño.

- A nota final exprésarase como o número enteiro resultante de truncar os decimais.

## Procedemento e criterios de recuperación

Procedemento de recuperación

Actividades de resolución de dúbidas

O alumnado poderá resolver as súas dúbidas sobre a materia e os exercicios prácticos nas clases ordinarias, nas sesións de prácticas, nas horas de titoría (se existen) e en sesións específicas de repaso e resolución de dúbidas (mínimo dúas por avaliación).

Estas actividades poderán incluír a búsqueda de información en fontes externas para adquirir os conceptos necesarios e reforzar a comprensión dos contidos.

Recuperación de bloques non superados

- O alumnado recuperará unicamente os trimestres suspensos unha vez finalizado o último trimestre no mes de

xuño.

- Non será necesario repetir bloques xa superados durante o curso, sempre que non se perda o dereito á avaliación continua.

- As sesións finais do curso dedicaráselles á realización de exercicios prácticos, ao repaso de conceptos clave e á resolución de dúbidas..

Proba de recuperación

- A proba de recuperación consistirá en preguntas teóricas e prácticas, podendo incluír:
  - Preguntas curtas de razoar.
  - Preguntas tipo test con varias opcións.
- Poderase empregar o ordenador se así o require a proba ou algún dos bloques avaliábeles.

Criterios de recuperación

Superación dos bloques

- Considerarase aprobado o módulo completo só se todas as notas dos bloques da proba final son  $\geq 5$ .
- Se algún bloque obtén unha cualificación inferior a 5, a nota final do módulo será a menor das obtidas nos bloques.

- Se a nota dun bloque está entre 3,51 e 4,99, asignarase unha calificación de 4 puntos.

Avaliación das actividades de recuperación

Terase en conta:

- A resolución de dúbidas e a participación activa nas sesións de repaso.
- A realización correcta dos exercicios teóricos e prácticos propostos.
- A aplicación dos conceptos adquiridos mediante a búsqueda de información e o uso de recursos externos.

## **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

### 1. Seguimento

O alumnado que teña un módulo pendente deberá contactar co profesor responsable o antes posible, preferiblemente ao inicio do curso.

O profesorado:

- Informará dos contidos que deben prepararse.
- Indicará materiais de estudo e exercicios recomendados.
- Ofrecerá orientación e aclarará dúbidas mediante titorías ou sesións de apoio.

O seguimento céntrase en garantir que o alumnado saiba que debe estudar e teña acompañamento durante o proceso.

### 2. Recuperación

Para recuperar a materia pendente, o alumnado deberá:

- Preparar o módulo completo, xa que non se conservan bloqueos aprobados doutros cursos.
- Revisar todos os contidos teóricos e prácticos.
- Realizar actividades, exercicios e tarefas que o profesor considere necesarias para consolidar os coñecementos.
- Asistir ás titorías que sexan necesarias para resolver dúbidas e comprobar a correcta preparación da proba.

A recuperación baséase no estudo progresivo de todos os bloques que compoñen o módulo.

### 3. Avaliación

Antes da avaliación final do curso realizarase unha proba específica para o alumnado con módulos pendentes.

A proba poderá incluír:

- Preguntas teóricas de resposta curta.
- Preguntas tipo test.
- Exercicios prácticos, incluíndo o uso do ordenador se o require o módulo.

Criterios de cualificación

- O módulo considerase aprobado só se todos os bloques da proba acadan unha nota  $\geq 5$ .
- Se algún bloque ten unha nota  $< 5$ :

- A nota final do módulo será a nota máis baixa obtida.
- O módulo non se considerará superado.
- Se un bloque obtén entre 3,5 e 4,99, asignarase unha cualificación de 4 puntos.
- Se todos os bloques están superados, a media das notas será a cualificación final do módulo.

### **Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

Esta proba realizarase antes da sesión de avaliación final de módulos.

No caso de que o alumnado perda o dereito á avaliación continua, deberá realizar un exame extraordinario.

- O exame poderá ser conxunto ou separado por bloques.
- Se o exame está separado por bloques
  - O alumnado deberá superar cada bloque cunha nota  $\geq 5$ .
  - Se non supera algún bloque, a nota final será a menor de todas as partes.
  - Se supera todos os bloques, a media das notas constituirá a nota final do módulo.
  - Neste caso, non se terán en conta as notas de traballos, participación ou comportamento.
    - O alumnado que perdeu a avaliación continua non terá dereito a realizar actividades de recuperación, segundo a normativa do módulo.

### **Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

Todos os profesores, con ou sen experiencia, son conscientes das diferenzas individuais entre o alumnado. As características persoais de cada alumno/a, a súa forma de motivarse, as súas capacidades intelectuais e o seu entorno familiar son factores que poden contribuír ao éxito ou fracaso académico.

Tan pronto como se detecte que un alumno/a non pode seguir o ritmo normal do curso, a pesar de demostrar esforzo axeitado, proporáselle actividades de reforzo adaptadas á súa problemática e diversidade concreta.

- Estas actividades manteranse ata que se observe que o alumnado pode seguir correctamente o ritmo medio do curso.

Exemplos de actividades de reforzo:

- División das actividades en partes elementais, con explicacións adicionais personalizadas cando sexa necesario.
- Xogos de tests, preguntas ou actividades interactivas, deseñados especificamente para atender as necesidades do alumno/a.
- Resolución de dúbidas sobre actividades e contidos impartidos.
- Actividades de busca de información en fontes externas para adquirir os conceptos do módulo.
- O alumnado poderá resolver dúbidas nas clases ordinarias, prácticas e horas de tutoría (se existen).
- Medidas adicionais, en colaboración co departamento de orientación, poderán coordinarse nos casos que o requiran (traslados de expediente ou detección tardía de necesidades). Calquera medida adicional será reflectida na programación do módulo.

### **Programación da educación en valores.**

O tratamento dos temas transversais está vinculado ás actividades propostas ao longo do ciclo, seguindo o Artigo 1 apartado c da LOE 2/2006, que indica a necesidade de fomentar a educación para a saúde, para o medio ambiente e para a igualdade de sexos.

Educación para a saúde

- Enseñar ao alumnado a organizar correctamente o posto de traballo.

- Adoptar a posición adecuada ao sentarse, realizar descansos e usar cores axeitadas para a pantalla.
- Respetar criterios de ergonomía no posto de traballo ou estudo e manter a hixiene persoal e da aula.

Educación medioambiental

- Fomentar o hábit de reciclaxe do material e do papel.
- Promover o aforro de enerxía, apagando luces e equipos ao finalizar a clase.
- Mantemento adecuado das instalacións, como pechar fiestras para conservar a temperatura.

Educación para a igualdade entre sexos

- Formar grupos de traballo mixtos.
- Non consentir comentarios machistas, discriminatorios ou despectivos.
- Fomentar a igualdade de oportunidades e respecto entre todo o alumnado.

### **Actividades complementarias e extraescolares.**

O alumnado de FP Básica irá a FP Innova.

Queda pendente decidir donde irán o resto de ensinanzas para poder facer os contactos necesarios.

### **Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

Seguimento da programación

- O seguimento da programación do módulo realizarase conforme ao protocolo de seguimento do Departamento de Informática, garantindo que se cumpren os obxectivos, contidos e actividades previstas.
- Inclúe revisión da execución das sesións, o cumprimento das unidades didácticas e a adecuación dos recursos empregados.

Avaliación da práctica docente

- A avaliación da práctica docente realizarase mediante enquisas ao alumnado, co obxectivo de recoller a súa percepción sobre:
  - Claridade e comprensión dos contidos impartidos.
  - Adecuación das actividades prácticas e recursos utilizados.
  - Dinámica de clase, participación e atención ás necesidades individuais.
- Os resultados permitirán axustar e mellorar a programación e a metodoloxía docente de cara a futuras edicións do módulo.

### **Outros apartados.**